

Oferta de emprego

Técnico/a de Emprego Inclusivo (Responsable de proxecto I.Work)

1. Introducción

Benvido/a e gracias polo teu interese no posto de Técnico/a de Emprego Inclusivo. Este documento inclúe información sobre este posto laboral, a asociación e o que facemos, e os requisitos para postular a esta oferta. Esperamos que esta información che axude a decidir se este posto é do teu interese.

Sobre Nós

A Asociación Ambar é a asociación pioneira no Barbanza traballando polos dereitos das persoas con diversidade funcional dende 1982. Traballamos día a día para lograr unha comunidade na que as persoas con diversidade funcional teñan igualdade de oportunidades, que as súas contribucións sexan valoradas e os seus dereitos respectados.

Para acadar isto, traballamos:

- prestando apoios para mellorar a **calidade de vida** a través do deporte inclusivo e das actividades de ocio,
- impulsamos o **empoderamento** das persoas con diversidade a través da expresión artística e da creatividade,
- aportamos ferramentas para promover a **autonomía persoal** nos obradoiros ocupacionais do Servizo de Atención Diúrna,
- facilitamos a **vida independente** dentro da comunidade a través do programa de vivenda con apoio,
- formamos e promovemos o **emprego digno** na comarca.

No ámbito laboral, a Asociación Ambar das Persoas con Diversidade Funcional leva máis de 10 anos traballando na formación de persoas con diversidade funcional. Durante todos estes anos destináronse esforzos á inserción laboral dende a perspectiva da formación básica para o emprego, o cal mellorou as posibilidades de emprego das persoas con diversidade. Na actualidade, queremos dar un paso máis para acadar a plena inclusión das persoas con diversidade no mundo laboral, traballando man a man coas empresas comarcais.

Sobre o posto de traballo

A Asociación Ambar das Persoas con Diversidade Funcional busca unha persoa profesional para liderar o proxecto innovador “I.WORK - Creación dunha cultura de emprego inclusivo na Comarca do Barbanza”, que ten como obxectivos mellorar a percepción social da diversidade funcional nos municipios do Barbanza e traballar conxuntamente coas empresas para a creación de procesos de selección máis accesibles e abertos a profesionais con diversidade funcional.

Neste momento tan apaixonante para a Asociación Ambar, buscamos unha persoa con iniciativa, paixón polo que facemos, e que teña interese en axudarnos a promover unha sociedade máis equitativa.

Como presentarse a esta oferta

Se pensas que esa persoa, poderías ser ti, envíanos unha carta de motivación, onde fales das áreas que aparecen na sección “Especificacións da persoa solicitante” (pax.3) e o teu currículo á seguinte dirección de correo electrónico correo@asociacionambar.org **ata o 7 de outubro**. As entrevistas realizaranse do 8 ó 12 de outubro.

A Asociación Ambar é unha organización que celebra a diversidade e a igualdade de oportunidades no ámbito laboral. Se necesitas **información accesible** noutros formatos non dubides en poñerte en contacto con nós nos seguintes teléfonos: 981 875 475 ou 607 356 550 (What's App)

Moitas gracias e esperamos saber pronto de ti.

2. Descrición do posto: Técnico/a de Emprego Inclusivo

Área	Inclusión Social
Lugar de traballo	Centro de Recursos da Barbanza, Lg. de Granxa, 5 - San Roque, 15967 Ribeira; visitas a organizacións dentro da comarca de maneira regular.
Duración	1 ano; media xornada (posible ampliación a xornada completa)

Misión e obxectivos xerais do posto

A misión deste posto é a de promover unha cultura **de emprego inclusivo** na Comarca da Barbanza ca fin de **mellorar as oportunidades de inserción laboral** dos profesionais con diversidade funcional en empresas locais ordinarias. Para acadar esta finalidade, o responsable do proxecto levará a cabo os seguintes obxectivos:

1. Liderar o proxecto “I.WORK - Creación dunha cultura de emprego inclusivo na Comarca do Barbanza” cumprindo o cronograma establecido, en colaboración ca Técnica de Accesibilidade.
2. Conseguiar a participación de empresas locais no proxecto, e manter o seu interese involucrándoos nas diferentes fases do proxecto.
3. Facilitar xornadas de formación con empresas e persoas con diversidade funcional.

Responsabilidades

1. Acadar os obxectivos do proxecto no tempo e forma definidos no plan de proxecto.
2. Planificar as fases do proxecto, definir os públicos obxectivos, e recabar os recursos necesarios para levar a cabo o proxecto.
3. Análise e prospección de empresas en materia de emprego inclusivo e accesibilidade.

4. Crear conexións fortes con empresas para involucralas no proxecto, promovendo o emprego inclusivo.
5. Formar en materia laboral a persoas con diversidade funcional, prestando apoio en materias ocupacionais, creación de cartas de motivación e currículos.
6. Creación de contidos para as xornadas coas empresas e outro material necesario para o proxecto.
7. Traballar conxuntamente ca Responsable de Comunicación para promocionar o proxecto en medios de comunicación e redes sociais ca fin de incrementar a participación das empresas locais no proxecto.
8. Colaborar con outros departamentos, en especial coa Área de Accesibilidade, para a boa consecución dos obxectivos do proxecto.
9. Mostrar interese nas actividades deste e doutros sectores, tendo a capacidade de traer e implementar elementos innovadores nos proxectos e actividades da organización.
10. Levar a cabo os deberes e responsabilidades deste posto en conformidade cos valores, normas e protocolos da organización, e calquera outra regulación pola cal se rexa a organización.
11. Levar a cabo calquera outra responsabilidade que sexa necesaria, para a consecución dos obxectivos profesionais.

Especificacións da persoa solicitante do posto

Formación e experiencia

1. Experiencia en construír boas relacións con clientes e profesionais, especialmente persoal directivo ou responsables de departamentos.
2. Experiencia en formar a outras persoas, idealmente na área laboral.
3. Experiencia na creación de plans de proxecto, e plans operativos.
4. Experiencia en falar en público, e promover os intereses dunha organización diante de públicos externos.
5. Experiencia no uso de diversas canles de comunicación para captar audiencias (Redes sociais, correo electrónico, teléfono e en persoa).
6. Manexo profesional do paquete MS Office.
7. Estudos superiores acorde coa experiencia solicitada, especialmente na área de emprego (técnico laboral, formador laboral, preparador laboral, axente de emprego, ou similares).

Habilidades persoais e outros

1. Excelentes habilidades de comunicación escrita, e sobre todo verbal.
2. Excelentes habilidades analíticas e de elaboración de proxectos.
3. Proactividade e iniciativa para dar resposta ás demandas do proxecto.
4. Capacidade de mellora, ir sempre máis alá, e intentar mellorar proxectos e resultados.
5. Capacidade para negociar para acadar os resultados desexados.
6. Coñecemento da diversidade funcional, e os apoios e axustes necesarios para o mercado laboral.
7. Disposición a viaxar dentro da comarca para visitar diferentes organizacións e empresas.
Carné de conducir B
8. Excelente nivel de galego e castelán, outros idiomas valorarase positivamente.